

Calendario Escolar

Actividades lectivas.-

Comezan o día 11 de setembro de 2013 e rematan o 20 de xuño de 2014.

Períodos de vacacións.-

Nadal: dende o 22 de decembro de 2013 ata o 8 de xaneiro de 2014, ambos os dous inclusive.

Semana Santa: dende o 14 ao 21 de abril de 2014, ambos os dous inclusive.

Entroido: días 3, 4 e 5 de marzo de 2014.

Días non lectivos.-

Día do ensino: 31 de outubro de 2013.

Dous días que serán acordados polo Consello Escolar do Centro e unha vez aprobados pola Xefatura Territorial da Consellería de Educación serán comunicados.

Información ás familias

✓**Entrevistas.** Fíxase o Martes de 16:30 a 17:30 como día e hora para que as familias acudan ao centro para entrevistarse co profesorado. En caso de urxencia non dubidedes en contactar connosco. Se por razóns laborais ou doutra índole non fora posible achegarse ao centro nese día e hora, buscarase outro. O contacto frecuente entre a familia e o profesorado titor é fundamental

✓**Boletíns de información e cualificacións,** nas seguintes datas:

20 de decembro / 28 de marzo / 20 de xuño

Reunións xerais de principio de curso: Martes 17 de setembro

E. Infantil 4 anos 16:30h 5 anos 17:15h

Primaria 1º 16:30h 2º 17:15h 3º 18:00h
4º 16:30h 5º 17:15h 6º 18:00h

PROA

Programa de Reforzo, Orientación e Acompañamento

O centro solicitou poder desenvolver, un ano máis, este programa, que vai destinado a apoiar nas aprendizaxes a alumnos que o centro seleccione.

Beneficiarios: alumnos de 3º, 4º, 5º e 6º curso de educación primaria.

PLAMBE

Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares

Seguiremos a desenvolver actividades relacionadas coa lectura e o uso da biblioteca, tanto dentro do horario lectivo, como polas tardes nas que a biblioteca acollerá a quen decida vir ler ou traballar.

AC CA

Aprender a Cooperar, Cooperar para Aprender,

Iniciado no curso 2010-2011 continuaremos co proxecto dirixido pola Universidade de VIC e avalado polo Ministerio de Educación (Referencia SEJ2006-01495/EDUC) co obxectivo de atender na aula ao alumnado con necesidades educativas diversas.

COMBAS Competencias Básicas

PFPP Plan de Formación Permanente do Profesorado

Son novos proxectos que o centro quere por en marcha neste curso e que como todos os demais buscan perfeccionar os procesos que realizamos e que deben redundar na calidade do ensino.

Guía para o curso 2013-2014



Outra vez setembro e outro curso. Comezo e continuación.

Esperamos que tiverades unhas boas vacacións.

Chega novo profesorado ao centro, para cubrir prazas de xeito provisional, por este curso, do profesorado que habendo obtido destino neste centro non se incorpora por diversos motivos, e mesmo para cubrir a vacante producida pola xubilación de Rosa Mª Carrera. Desexámoslle o mellor para esta nova etapa da súa vida. Ou de xeito definitivo para cubrir as prazas das 4 profesoras que obtiveron novo destino. Entre estas unha profesora de inglés.

Este curso están matriculados 351 alumnos e alumnas. En función das necesidades detectadas organizaranse medidas como desdobres de grupos, apoios dentro da aula dunha profesora á titora dese grupo, reforzos con alumnado dentro ou fora da súa aula, etc.

O profesorado entregará aos alumnos no primeiro día de clase unha relación do material escolar que necesitará.

Mantemos a “hora de ler” diaria entre 12:05 h e 12:20 h.

Anímovos a visitar a web do centro <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipchanopinheiro/> Así estaredes informados puntualmente e poderedes sentirvos máis partícipes do que os vosos fillos fan na escola.

Estamos, coma sempre, á vosa disposición.

Rogelio Pereira Zunzunegui
Director

CONSELLO ESCOLAR

Equipo Directivo	Rogelio Pereira Zunzunegui Marila Suárez Amarelo Soledad Couto Domínguez
Representante do Concello	Paula Bouzós Barros
Representantes do Profesorado	Nazaret Araujo Díaz Beatriz Fernández Pernas Lidia Panceiras Lamas Elena Pena Romero M. José Rigüela Vilar
Representantes das Familias	Guadalupe Araujo Quintas Rosa Costas Fernández Jose M. Fernández Rodríguez Gustavo Vázquez Fariña
Representante da ANPA	Manuel Caeiro Rodríguez
Representante do Persoal de Servizos	Alexandra Pereira Novoa

ANPA. Asociación de Nais e Pais de Alumnos

Existe unha Asociación de Nais e Pais, denominada ANPA Pousa de Fontán, á que poden pertencer todas as familias que o desexen e se inscriban e aboan a cuota establecida.

A súa xunta directiva colabora na xestión do centro e mantén unha relación fluída coa dirección do centro, aportando suxerencias e transmitindo inxerencias para o mellor desenvolvemento da actividade escolar.

Este curso a ANPA pon en marcha un **Banco de libros**. Aquelas familias interesadas neste tema poden recabar máis información no teléfono 639490460.

PROFESORADO

INFANTIL

	A	B
3 anos	M. José Rigüela	Estela Iglesias
4 anos	Vanesa Barros	Natividad Pérez
5 anos	Lidia Panceiras	Margarita Fernández
Apoios	Aurea Carballo - Nazaret Araujo	

PRIMARIA

1º	Aroa Blanco	Marta Mateo
2º	Alejandrina Viñas	Criselda Fernández
3º	Lucía González	Mercedes Santomé
4º	Iria Martín	Marila Suárez
5º	Soledad Couto	Beatriz Fernández
6º	Natalia Soage	Paula Montenegro
Apoio	Guadalupe Rodríguez	

MÚSICA	Elena Pena	
E. FÍSICA	Ana Lamas	Natalia Soage
INGLÉS	Natalia Martínez	Rosario Laorden
RELIXIÓN CATÓLICA	Clara González	M. Carmen Alonso
PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA	Dolores Portabales	
AUDICIÓN e LINGUAXE	pendente de nomeamento	
ORIENTACIÓN	Elisa Suárez	

TRANSPORTE ESCOLAR

Dado que houbo máis solicitudes que prazas, as solicitudes feitas para a parada de Cole Vello debes chamar ao centro para saber se tedes concedida unha praza.
Ver instrucións oficiais sobre transporte que adxuntamos

Tlfnº: 986 36 00 92
correo electrónico: ceip.chano.pinheiro@edu.xunta.es

web: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipchano-pinheiro/>

Móbil: 648 185 772 Debédelo incorporar nas vosas axendas pois se facilitastes un móbil para contacto chamáremosvos dende el.

HORARIOS

É moi importante sermos ríxurosos, tanto na entrada como na saída. Non selo conleva disfuncionalidades na dinámica do centro e das aulas.

Compre sinalar aquí que a Lei 4/2011, sinala como un deber do alumno, do que son responsábeis os pais, **“asistir á clase con puntualidade e co material preciso”**.

Entrada: 09:00 horas. Haberá uns minutos para atender puntuais retrasos debidos a causas extraordinarias. As 09:05 pecharase a porta de acceso, considerándose a chegada posterior como falta de puntualidade, que será incorporada ao expediente do alumno.

Saída: 14:00 horas. A porta de acceso abrirase a partir das 13:55. Os alumnos que non usan o transporte escolar, serán entregados polo profesorado á súa familia (educación primaria na porta principal, polo que deberedes achegarvos a ela, educación infantil na porta da súa aula). A normativa adxudica a garda e custodia dos alumnos ao centro no tempo que están nel, e volve ser dos pais unha vez que remata a xornada escolar. O centro pecha ás 14:10 horas.

Atención a Pais: Martes de 16:30 a 17:30 horas. O profesorado ten outras actividades antes e despois. É preciso solicitar a reunión cunha semana de antelación para que a profesora titora poida recabar información dos profesores que imparten docencia no grupo.

COMEDOR ESCOLAR

O comedor escolar pasa a ser xestionado polo Concello de Gondomar froito dun convenio entre o Concello e a Consellería de Cultura, Educación da Xunta de Galicia. Comezará seu funcionamento o primeiro día lectivo, o 11 de setembro. Todas aquelas familias que desexen facer uso do mesmo deberán dirixirse ás oficinas de Benestar Social do Concello sitas na Casa da Cultura.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Tan axiña como se concrete recibiredes a oferta para este curso e o impreso para a inscrición.

VARIACIÓN DE DATOS

É moi importante que comuniquedes **en Secretaría** calquera variación que haxa nos datos persoais e familiares, así como de números de teléfono.